

Aproximación lingüístico-etimolóxica á toponimia das comarcas de Xallas, Fisterra e Soneira¹

Paulo MARTÍNEZ LEMA

Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
paulo.martinez@usc.es

RESUMO

Neste traballo abordamos o estudo etimolóxico de once topónimos que dan nome a outras tantas entidades de poboación das comarcas galegas de Xallas, Fisterra e Soneira. Con esa finalidade recolleemos as atestacións deses nomes de lugar existentes en distintos cartularios medievais desa mesma área xeográfica e contrastamos cada forma con outros homónimos, cognados ou denominacións toponímicas estruturalmente análogas (galegas e do contexto románico), así como con elementos do léxico común que puidesen ter sufrido un tratamento similar a nivel fonético, semántico ou de calquera outro tipo. A conxunción destas variábeis lévanos a propor para cada topónimo unha base etimolóxica cuxa evolución, nalgúns casos, obriga a ter en conta aspectos como a hipercorrección, a refacción toponímica ou a consolidación gráfica de fenómenos coma o seseo. Noutros casos, esa base etimolóxica revélanos a existencia en época arcaica de lexemas que perderon o seu valor apelativo e ficaron fosilizados como topónimos.

Palabras chave: Estudos toponímicos; etimoloxía; gramática histórica; fontes documentais.

A linguistic etymological approach to the toponymy of the regions of Xallas, Fisterra and Soneira (Galicia)

ABSTRACT

In this paper, we propose an etymological study of eleven place-names which give their names to several villages in the Galician regions of Xallas, Fisterra and Soneira. In order to this, we compile the attestations of these place-names which appear in different medieval collections and compare every form with other homonyms, analogous toponymical denominations and lexical items which could have suffered a similar treatment at any level. The conjunction of all these variables leads us to propose for each place-name an etymological base whose evolution obliges us to ponder aspects as hipercorrection, refaction or graphic representation of certain dialectal phenomenons (*seseo*). Other times, that etymological base reveals us the existence of old lexems which lost their appellative value and survived only as toponymical denominations.

Key words: Toponymic studies; etymology; historical grammar; documental sources.

¹ Este traballo foi realizado no marco do *Inventario Toponímico da Galicia Medieval* (ITGM), proxecto que está a desenvolverse na sección de Gramática Histórica do Instituto da Lingua Galega (ILG) baixo a dirección de Xavier Varela Barreiro. Queremos agradecer ademais as observacións achegadas por Ricardo Gutiérrez Pichel e Rocío Dourado Fernández.

Aproximación lingüístico-etimológica a la toponimia de las comarcas de Xallas, Fisterra y Soneira

RESUMEN

En este trabajo abordamos el estudio etimológico de once topónimos que dan nombre a otras tantas poblaciones de las comarcas gallegas de Xallas, Fisterra y Soneira. Con ese objetivo reunimos las atestaciones existentes para esos nombres de lugar en diversos cartularios medievales de esa misma área geográfica y contrastamos cada forma con otros homónimos, cognados o denominaciones toponímicas estructuralmente análogas, tanto gallegas como del contexto románico, así como con elementos del léxico común que pudiesen haber sufrido un tratamiento fonético, semántico o morfológico similar. La conjunción de estas variables nos llevó a proponer para cada topónimo una base etimológica cuya evolución, en algunos casos, nos obliga a considerar aspectos como la hipercorrección, la refacción toponímica o la consolidación gráfica de fenómenos como el *seseo*. En otros casos, esa base etimológica revela la existencia en época arcaica de lexemas que, perdido su valor apelativo, han sobrevivido fosilizados como topónimos.


Palabras clave: Estudios toponímicos; etimología; gramática histórica; fuentes documentales

Sumario: 0. Consideracións preliminares. 1. Terra de Xallas. 1.1. *Asenso*. 1.2. *Fornís*. 1.3. *Grille*. 1.4. *Recarea*. 2. Fisterra. 2.1. *Frixe*. 2.2. *Padrís*. 2.3. *Quenxe*. 2.4. *Regoelle*. 3. Terra de Soneira. 3.1. *Pudenza*. 3.2. *Serramo*. 3.3. *Zas*. 4. Algunhas conclusións. 5. Índice toponímico e léxico. 6. Bibliografía.

0. Consideracións preliminares

No presente artigo propomos o estudo etimolóxico de once topónimos rexistrados no territorio occidental da actual provincia da Coruña. Deles, un total de catro (*Asenso*, *Fornís*, *Grille* e *Recarea*) designan entidades da comarca de Xallas, constituída polos concellos de Santa Comba e Mazaricos. Outros catro (*Frixe*, *Padrís*, *Quenxe* e *Regoelle*) sérvenlles como denominación a núcleos poboacionais da comarca de Fisterra, que engloba os municipios de Fisterra, Muxía, Corcubión, Cee e Dumbría. As tres formas restantes (*Pudenza*, *Serramo* e *Zas*) rexístranse como nome doutras tantas poboacións da bisbarra de Soneira, á que pertencen os concellos de Camariñas, Vimianzo e Zas. En todos os casos a metodoloxía que aplicamos foi a mesma. Recollemos en primeiro lugar todas as atestacións destes topónimos existentes nun corpus formado por sete coleccións documentais xeradas nesa mesma área xeográfica e que conteñen textos de diferentes treitos cronolóxicos: o Tombo de Toxos Outos (TO), a documentación dos mosteiros de Santa María de Belvís (SMB), Santa Clara de Santiago (SCS) e San Xián de Moraime (SXM), a documentación do antigo Hospital de Pobres de Muros (EPM), o *Liber Tenencie Horro* (LTH) e a documentación dos fondos da Universidade de Santiago (USC). A partir destes rexistros propomos unha base etimolóxica cuxa verificación esixe, entre outros aspectos, a harmonía coas regras da fonética histórica galega e cos estratos históricos e lingüísticos característicos do sistema toponímico galego, así como a existencia de topónimos e/ou apelativos que ofrezan unha estrutura lingüística total ou parcialmente homologábel á do nome que nos

ocupa en cada caso. Esta contextualización do topónimo dentro dun marco máis amplo constitúe por tanto o necesario punto de conexión entre o estudo etimolóxico individual e o estudo toponímico de carácter sistémico.



Distribución xeográfica das fontes documentais empregadas

1. Terra de Xallas

1.1. *Asenso*

Nome dunha aldea da freguesía de Santa Baia de Chacín, pertencente ao concello de Mazaricos e ao arciprestado de Entíns. As atestacións escritas máis antigas que conservamos deste topónimo encóntranse en TO, onde aparece citado en dúas ocasións como *Asenzo* (1154, 1289) e nunha como *Azonço* (s.d.), se ben esta última forma seguramente pode interpretarse como un **Azenço*, a xulgar polos múltiples casos de confusión entre os grafemas <e> e <o> que se dan ao longo desa colección documental e que tanto poden deberse a unha copia defectuosa por parte do escriba como a unha má lectura do texto por parte do editor (cfr. **Trees* por *Treos*, **Meroncallo* por *Morancelle*). Algo máis serodia é a variante *Asenço* que rexistramos en SMB (1337).

Tendo en conta a relativa antigüidade desas ocorrencias e a homoxeneidade formal que o topónimo presenta a través de todas elas (deixando á marxe as leves e esperábeis variacións gráficas), coidamos cando menos plausíbel propor para *Asenso* unha fase primitiva **APSENTĪO*, cuxa constitución morfolóxica interna

resulta plenamente homologábel á de numerosos hidrotopónimos espallados por todo o territorio galego e que poden retrotraerse en última instancia ao fondo toponímico paleoeuropeo. No caso de *APSENTĪO recoñecemos a raíz indoeuropea *āp- / *āp- 'auga, río', que Pokorny reconstruíu a partir de derivados como o antigo indio *āpah* 'auga' e *āpavant* 'acuoso', ou o antigo prusiano *ape* 'río' e *apus* 'fonte, manancial, pozo', entre outros (IEW 51 e ss.). O tema *aps- que encontramos representado no noso topónimo representa unha prolongación en -s e constitúe de feito a variante máis produtiva da hidronimia paleoeuropea. Así, e sen ánimo de sermos exhaustivos na enumeración, podemos sinalar exemplos como o río *Aso* en Aragón, formacións atemáticas como *A Se* (< *Ase) en Galiza e *Apse* en Letonia ou o derivado superlativo *Asma* (< *APS-ĀMA), que deu nome a un amplo territorio da Galiza medieval e ao río que o atravesaba, ademais de pervivir hoxe na denominación de varias freguesías da contorna. Tamén dos textos clásicos podemos extraer mostras da rendibilidade toponímica do tema *aps-, como p.ex. o nome do río ilirio Αψος (= *Apsus*). Ao igual que aconteceu con moitos outros radicais prerromanos, tamén *aps- puido combinarse con elementos sufixais xa latinos, tal e como parecen suxerir os topónimos *Asados* (< *APS-ĀTŌS) e posibelmente tamén *Os Asadoiros* (< *APS-ATORĪŌS), se ben en ningún dos dous casos podería descartarse tampouco unha vinculación etimolóxica co verbo *asar* (< lat. ARSĀRE) (Bascuas 2002: 177 e ss.).

Xa que logo, a raíz léxica de *APSENTĪO encaixa sen ningún problema no ámbito da hidrotoponimia paleoeuropea, encontrando conexións especialmente estreitas dentro da propia toponimia galega. Mais, de analizarmos a continuación a súa morfoloxía sufixal, observaremos que esta tampouco é en absoluto estraña. A terminación -ĭo / -ĭa, de feito, é frecuentísima en formacións hidrotponímicas deste tipo, como tamén resulta recoñecíbel o sufixo -nt-, que pode presentar variación, no que á vogal presufixal se refire, entre -e- e a máis abundosa -a-. Deste xeito, *APS-E-NT-ĪO debe vincularse a formacións como *NEM-ENT-ĪO > *Nemenzo*, *LU-ENT-ĪO > *Loenzo* (cfr. *LU-ENT-ĔNA > *Loentia*) ou *ALL-ENT-ĪA > *Alenza*, entre outros. Por tanto, coidamos que a base etimolóxica *APSENTĪO é coherente co resultado actual *Asenzo*, coherencia que se ve reforzada cando contrastamos esta variante moderna cos rexistros escritos medievais tirados do noso corpus. Agora ben, a verificación da nosa hipótese faría recomendábel a consagración da forma etimolóxica **Asenzo* no canto da forma oficial proposta polo Nomenclátor de Galicia, *Asenzo*, que reflicte graficamente o seseo prenuclear característico da pronuncia espontánea dos falantes. A problemática é similar á que se observa noutros moitos topónimos da vertente occidental galega, entre os cales podemos salientar casos tan rechamantes como os de *Cespón* / **Sespón* (< med. *Sespalona*, *Sespoon*, *Sespoora*, *Sispoora*...), *Cives* / **Sives* (< med. *Seuis*, *Siuis*, *Seues*...), *Ousensa* / **Oucenza* (< med. *Ouçença*, *Ouçęça*...) ou o paradigmático *Porto do Son* / **Porto Dozón* (< med. *puerto de Dozon*).

1.2. Fornís

Tal é o nome dunha aldea da parroquia de Coiro, no concello de Mazaricos e eclesiasticamente encadrada no arciprestado de Entíns. Os testemuños máis antigos e formalmente máis decisivos de cara ao establecemento da súa etimoloxía aparecen en TO, onde coexisten as variantes *Forniis* (1244, 1247 e 1289), *Furniis* (1198, 1244) e *Furnis* (1289). O repertorio complétase coas formas (*Gonçalo de Fornys* (EPM 1451) e *Froniis* (USC 1433).

Até onde nós sabemos, non existen homónimos modernos para este topónimo no conxunto do territorio galego-portugués (cando menos no que respecta á toponimia maior), se ben o cotexo das fontes medievais revela a presenza de formas estruturalmente afíns á que nos ocupa e que, por motivos diversos, non deberon manterse ou foron substituídas por outras denominacións. Así, nunha doazón contida no tomo de Caaveiro e datado por volta de 936 alúdese ás distintas *villas* que constituían a freguesía de San Pedro de Eume, entre eles unha denominada *Furniis*. Esta forma pode entenderse efectivamente como un homónimo do topónimo que aquí nos interesa, mais tampouco debería descartarse que se trate do actual lugar de *As Furnas*, na freguesía de Santa María do Deveso, contigua á de San Pedro de Eume. Por outra banda, noutras versións dese mesmo texto encontramos as formas *Furnus* e *Fornos*, co cal estamos perante un dato que debemos interpretar con suma prudencia e cuxo valor probatorio é até certo punto limitado. Bastante posterior, concretamente de 1259, é un documento da colección de Oseira no que se alude como testemuña a un tal *Rodericus Arie de Forniis*.

As representacións gráficas destes topónimos reflicten sistematicamente e até época bastante avanzada un hiato [u] que nos permite pensar no plural dun substantivo **fornil*. Este, aínda que inexistente no galego moderno, pode homologarse sen maior dificultade ao francés *fournil* 'lugar onde se encontra o forno', 'lugar de traballo do panadeiro'. A súa orixe remóntase a un sintagma *(LÖCŪ) FŪRNĪLE, no que a función de modificador recae nun derivado de FŪRNŪ 'forno' mediante o sufixo -ĪLIS (acusativo -ĪLE > -il), que, como é ben sabido, opera principalmente sobre bases substantivas creando adxectivos caracterizadores de persoas, obxectos e terreos (Pharies 2002: 324). Como adoita acontecer neste tipo de secuencias, o núcleo nominal, dado o seu carácter xenérico, acaba por elidirse e o modificador adxectivo adquire a categoría substantiva. Deste xeito, Du Cange recolle *furnile* coa definición "Pars aedis rustica, in qua est furnus, vulgo *Fournil*", apuntando ademais que se trata dunha "vox Belgis frequens pro ipsa sede rustica". No caso da documentación altomedieval galega, a estancia na que se encontraba o forno, descrita na maior parte dos casos como unha construción independente e externa á casa, recibe sistematicamente as denominacións *furnus* e *forno* (Varela 2008: 213-214), e non se observa en ningún caso unha distinción semántica entre o forno propiamente dito e o edificio ou dependencia doméstica que o alberga. Por tanto, resulta cando menos rechamante a conservación na toponimia dun apelativo que, até onde nós sabemos, está ausente dos repertorios léxicos medievais do galego, o portugués e o castelán e soamente se rexistra como voz viva no ámbito galorrománico. Unha interpretación posíbel a este dato é que tanto o moderno

Fornís como as restantes denominacións toponímicas medievais hoxe extintas poderían representar o único rexistro dunha voz chegada desde o francés, que tivo a difusión abondo como para contar cunha certa proxección toponímica mais que, aínda así, non conseguiu asentarse no léxico da época e sucumbiu ante a forma tradicional *forno* e os seus derivados patrimoniais (*Forniños, Fornelos...*).

1.3. *Grille*

Recibe esta denominación unha aldea da freguesía de San Cosme de Antes, pertencente ao concello de Mazaricos e ao arceprelado de Céltigos. A única das fontes manexadas que nos proporcionou datos acerca da forma antiga deste topónimo foi TO, onde encontramos até cinco variantes formais distintas: *Girrili* (1252), (*Thome de*) *Girrilo* (1252), *Girrilli* (1252), (*Tome de*) *Guirille* (1252) e *Guirille* (1289).

O cotexo destas atestacións medievais con outros topónimos similares lévanos a propor como posíbel base etimolóxica o antropónimo xermánico BERILDĪ / UERILDĪ, do que coñecemos varios testemuños nos nosos textos medievais. Así, na documentación de Celanova rexístrase xa a forma *Berildi* (871, 926), mentres que no Tombo de Sobrado emerxen as variantes *Berilli* (955) e *Berili* (964). Pola súa banda, Piel-Kremmer aboan desde época recuada formas como *Berildi* e *Berilde*, así como as variantes *Uerildi* e *Uerilde* (HgNb 43/5). A proxección toponímica deste antropónimo tamén está ben documentada nos textos máis temperáns, pois xa nun pergameo mindoniense do s. X encontramos a alusión a un *Villare Berilli* hoxe non identificado, mais que debeu estar situado na contorna da actual parroquia de Santa María de Bares (Mañón).

Os topónimos resultantes de BERILDĪ / UERILDĪ poden entenderse desde dúas perspectivas distintas no que ao primitivo xénero do antropónimo se refire. Por unha banda, poden remitir a un nome feminino, tal e como denota o característico sufixo *-ildi* (< *hildi* 'loita, combate'), que nestes casos parece ter función hipocorística. Hai que sinalar, de feito, que en todas as atestacións medievais que vimos de sinalar o antropónimo aparece empregado sistematicamente como nome de muller. A evolución fonética, pola súa banda, seguiu un decurso non moi difícil de explicar: na secuencia [ld] debeu producirse a asimilación e redución das consoantes en contacto ([ld] > [ll] > [l]), seguida da palatalización da lateral alveolar resultante por influxo da vogal final. O fenómeno que vimos de describir, e máis en concreto as súas fases finais, é frecuente en moitos outros postantropónimos con terminacións similares, e lembra especialmente o proceso sufrido pola maioría dos topónimos procedentes de nomes persoais derivados mediante o sufixo diminutivo latino *-ĔLLŪ* (xenitivo *-ĔLLĪ*). Outra opción sería ver eses topónimos como evolucións do xenitivo dun hipotético *UERILDŪS, non atestado nas fontes medievais, mais no que se recoñece o mesmo formante *-ildi* empregado xa como constituínte dun nome inequivocamente masculino. Esta hipótese, porén, resulta ao noso xuízo menos probábel, pois os nomes masculinos en *-ILDŪS*, tal e como indica Piel, son máis raros e ademais parecen orixinarse por analogía coas formas femininas correspondentes (Piel 1960: 141). Por outra banda,

tales formas adoitan xerar directamente topónimos en *-ilde*, moi numerosos en Galiza, e non topónimos en *-ille*, para os que é necesario postular fenómenos de asimilación consonántica e palatalización como os arriba descritos. En todo caso, o que si semella probábel é que o constituínte inicial de BERILDĪ / UERILDĪ sexa unha variante do tema **ber-*, relacionábel á súa vez con **bera(n)* 'oso', **baira* 'xabaril' ou ben con **beran* 'levar, traer' (HgNb 43), e que está na base doutros antropónimos xermánicos de grande difusión na onomástica medieval galega e peninsular, como *Veremundus* / *Vermudus*, *Vera* / *Bera* (co seu correspondente hipocorístico *Verila* / *Berila*) ou *Beraldus*, entre outros (Rivas 1991: 124).

As alteracións formais que conduciron desde a fase inicial BERILDĪ / UERILDĪ á actual *Grille* poden encaixarse dentro dalgunhas dinámicas características da gramática histórica galego-portuguesa e relacionadas cos mecanismos de adaptación da fonética xermánica á romance. Así, é sabido que o wau xermánico integrouse no romance galego-portugués transformándose nunha secuencia [gw] que posteriormente se reduciu a [g] na maioría dos falares galegos, manténdose inalterado nos restantes (cfr. **wardon* > *gardar* / *guardar* e similares). Esa secuencia [w] > [gw] > [g] debeu existir tamén no caso de UERILDĪ, que pasaría nun primeiro momento a **Güirille*, logo a **Guirille*, e, finalmente, a través da síncope da vogal pretónica [i], á forma moderna *Grille*. De feito, a alternancia que se constata nos textos entre as variantes *Guirille* / *Guirille* e *Girrili* / *Girrilli* / *Girrilo* quizais estea a indicar a vacilación [gw] / [g] característica das fases centrais deste proceso que vimos de describir.

Fronte a este percurso evolutivo, a consoante bilabial mantívose (é de supor que primeiro como fricativa e posteriormente como oclusiva) no cognado *Brille*, así como na súa variante integral *Vilabrille*, se é que aceptamos para eles a mesma orixe etimolóxica que para *Grille*. A este grupo hai que engadir moi probabelmente *Varille*, nome dunha aldea da freguesía de Partovia (O Carballiño) que aparece mencionado como *Villa Virilli* nun documento de Oseira con data de 1274. Remonta tamén con toda seguranza ao devandito antropónimo un nome de lugar rexistrado en TO baixo as formas *Berili* (1139), *Berilli* (1191, 1289), *Birille* (1289), *Birilli* (1191) e *Birrili de Jusano* (1144), e cuxo referente, a xulgar polo contexto toponímico desenvolvido nos respectivos documentos, debeu estar situado no que hoxe é o concello de Lousame. Xa que logo, o par toponímico que formarían *Grille* / *Brille* (*Vilabrille*) pode equipararse a outros ben coñecidos como *Guitiriz* / *Vitiriz* ou *Gamil* (xenitivo) / *Bamiro* (acusativo), que dalgún xeito reforzan a viabilidade da hipótese etimolóxica postulada para *Grille*.

1.4. *Recarea*

Nome dunha aldea da freguesía de Santa María de Coiro, no concello de Mazaricos e arciprestado de Entíns. De novo, os únicos rexistros medievais deste topónimo pertencen a TO, onde concorre baixo as formas *Recarede* (1140), *Recaredo* (1152, 1153, 1289) e *Recaree* (1135, 1289). A xulgar por estas ocorrencias, resulta bastante obvio que nos encontramos perante un dos diversos descendentes toponímicos do sintagma **(UĪLLA) REC(C)AREDĪ*, no que se recoñece o xenitivo do

antropónimo xermánico *REC(C)AREDŪS. O primeiro tema deste nome pode ser o gót. *riqis* 'escuridade' ou *wrikan* 'perseguir', a pesar de que Elixio Rivas (1991: 257) o relacione co gótico *reiks* (> *-ricus*) 'poderoso, rico', elemento moi recorrente na creación de antropónimos bitemáticos, mais sempre como segundo constituínte. Pola súa banda, o poscompoñente remite claramente ao gótico **rēþs* 'consello' (Boullón 1999: 388), tamén moi ben representado nas dúas grandes vertentes da onomástica galega medieval. O antropónimo *REC(C)AREDŪS emerxe na documentación desde época recuada, pois un *Recaredus episcopus* é citado como confirmante nun documento do ano 714 pertencente á colección do mosteiro de Caaveiro, no que constitúe o rexistro máis antigo que coñecemos para este nome persoal.

En canto á proxección toponímica, proceden dese orixinario *(UĪLLA) REC(C)AREDĪ os diversos *Recarei* espallados polo territorio galego, así como o cognado *Recaré*, no que se observa unha evolución alternativa consistente na crase do grupo vocálico heterosilábico resultante da perda do -D-. Esta vacilación entre crase e ditongación en posición final repítese noutras palabras do léxico común, como LĒGE > **lee* > *lei* ou RĒGE > **ree* > *rei* fronte a PĒDE > **pee* > *pé* ou FĪDE > *fee* > *fe*, p.ex. No terreo da toponimia, o par *Recarei* / *Recaré* complementábase con outros como *Gondrei* / *Gondré* (< GUNDEREDĪ). Pola súa banda, a variante *Recareo*, tamén atestada como nome de lugar, procede do caso xeral *(UĪLLA) DĒ REC(C)AREDŪ) e hai que suporlle por tanto unha orixe posterior á das formas debedoras do xenitivo.

Xa que logo, a solución representada por *Recarea* é singular neste contexto, aínda que encontra explicación nunha disimilación das vogais en contacto, con abertura da segunda delas ([*'ee*] > [*'ea*]), evitándose así a crase e a perda da vogal postónica final. Aínda que excepcional, este proceso non se constata única e exclusivamente no caso de *Recarea*, senón que cremos recoñecelo tamén nalgún outro topónimo galego. Así, o actual *A Garea*, que dá nome a unha aldea da freguesía de Agrón (Ames), concorre na documentación de TO como *Dagarii* (1205, 1289), o que nos permite entendelo como o resultado dun sintagma *(UĪLLA) DACAREDĪ, do antropónimo xermánico DAGAREDŪS / DACAREDŪS (HgNb 63/6)². A transición cara ao actual *A Garea* esixe diversos cambios, o primeiro dos cales debeu consistir precisamente na alteración do hiato final [*'ee*] en [*'ea*], xerando así unha forma intermedia *Dagarea* que temos atestada como tal na documentación da Casa de Altamira, máis en concreto en senllos textos de 1456 e 1528. Sobre *Dagarea* produciuse posteriormente unha dupla deglutinación: nun primeiro momento, a da consoante oclusiva dental inicial, interpretada como a forma elidida da preposición *de* (*Dagarea* > *Agarea*; cfr. med. *Daravo* > *Arbo*); e, nunha segunda fase, a da vogal aberta, asociada coa forma feminina do artigo determinado (*Agarea*

² Descoñecemos aínda así se os dous *A Garea* restantes recollidos polo Nomenclátor de Galicia (nos concellos de Melide e Vilalba, respectivamente) poden explicarse a partir desta mesma base etimolóxica ou se esixen unha explicación propia.

> *A Garea*; cfr. AGRÉLLA > *Agrela* > *A Grela*). De todas estas fases temos constancia escrita na documentación da Casa de Altamira: así, nun texto de 1507 alúdese a un tal *Afonso Agarea*, mentres que a forma coincidente coa moderna emerxe xa en documentos da segunda metade do s. XV (*eno lugar da Garea* 1458) e do primeiro terzo do s. XVI (*Garcia de Garea* 1507, *Alonso da Garea* 1507, *Juan da Garea* 1507, *casar de Garea* 1513, *el lugar da Garea* 1531).

A conxunción de todos estes datos permítenos por tanto afirmar que ese topónimo *A Garea* representa unha evolución similar á que temos en *Recarea*. Mais tamén no léxico común podemos encontrar exemplos que reforzan esta interpretación: así, o substantivo *grea* 'conxunto de animais de catro patas que viven xuntos' é unha variante alternativa de *grei*, procedendo ambas as dúas formas do latín GREX 'rabaño, grea' a través do acusativo GREGE(M).

2. Fisterra

2.1. Frixe

Recibe este nome unha parroquia do concello de Muxía e arciprestado de Nemancos, así como un dos seis núcleos de poboación que a constitúen. O Nomenclátor de Galicia dá tamén *Frixe* como denominación dunha aldea na freguesía de San Xoán de Froufe (O Irixo). Centrándonos polo momento no topónimo coruñés, as únicas atestacións medievais que atopamos no noso corpus son as formas *Frixe* (SXM 1165) e *Freeixi* (TO 1220). A forma moderna parece estar xa consolidada no s. XVII, pois Jerónimo del Hoyo recolle as denominacións *Santa Leocadia de Frije* e *Santa Leocadia de Frixe*.

É posíbel que a orixe deste topónimo estea nun sintagma *(UÏLLA) FRIDĪSCLĪ, tal e como sinalaran no seu momento Piel e Kremer (HgNb 103/7). Nesa secuencia recoñecemos o xenitivo do antropónimo xermánico FRIDĪSCLŪS, constituído á súa vez polo coñecido tema gótico **frip-* 'paz' ao que se lle engade o sufixo *-isclus*. Este último elemento resulta bastante problemático no tocante á súa orixe e significación. Piel e Kremer (HgNb 338) interprétano como unha posíbel variante do tema **gis(c)l-*, procedente do gótico **geisl-* 'azoute, látego' e empregado como precompoñente en numerosas formacións antroponímicas ben coñecidas na nosa documentación medieval: pensemos en *Gisclamundus* / *Visclamunudus*, *Gisclavara* / *Visclavara* ou *Gislafredus* / *Visclafredus*, entre outros (Boullón 1999: 455). En todo caso, a hipótese dunha base etimolóxica como a aquí proposta fase se cadra máis probábel se temos en conta a existencia dun número relativamente importante de atestacións para este antropónimo na nosa documentación altomedieval: un *Fridisclō abba* aparece aludido xa nun texto de 865 e noutros posteriores con data de 986 e 990, ao tempo que se aboan outras variantes deste nome persoal como *Fresisclō* (941), *Fedisclus* (986) e *Fredisclus* (1010).

A partir dun xenitivo *FRIDĪSCLĪ podemos encontrarlle unha explicación satisfactoria á forma hodierna *Frixe*. A síncope do -D- e a redución do grupo

vocálico subseguinte por asimilación regresiva definen un proceso fonético ben constatado noutras palabras da lingua, como p.ex. RĒNĪLE > **reil* > **riil* > *ril* ou CĪNĪSĪA > **ceinza* > *cinza*. Máis excepcional é o tratamento do grupo final -SCLĪ, que, tal e como observamos xa nos rexistros máis temperáns do noso topónimo, xerou unha consoante fricativa prepalatal. Porén, coñecemos exemplos doutros topónimos estruturalmente homologábeis ao que nos ocupa e nos que se verificou un comportamento idéntico desa secuencia final. Así, o actual topónimo *Tuíxe*, que dá nome a dúas entidades de poboación da freguesía de Santa Mariña de Lemaio (A Laracha), aparece mencionado nun documento con data de 924 baixo a forma *Teudiscli*. A identificación entre forma medieval e forma moderna é bastante evidente, sobre todo se reparamos no contexto toponímico desenvolvido no documento en cuestión: *in Bregantinos uillam Uillanium* [Vilaño], *Ualdani* [Baldaio], *Teudiscli* [Tuíxe], *Inuolati* [Amboade] *et aliam Proami* [Proame]. Xa que logo, o actual *Tuíxe* pode retrotraerse con toda probabilidade a un primitivo sintagma de posesión *(UĪLLA) TEUDĪSCLĪ ou ben *(UĪLLA) TODĪSCLĪ, e seguramente a mesma explicación poida postularse para os homónimos *Tuíxe*, no concello de Lugo, e *Vilatuíxe*, no de Foz, así como para o *valle Todiscli* citado nalgúns documentos do tomo de San Xulián de Samos (989, 1074) e que, aínda que non identificado, debeu estar situado na contorna do actual concello lugués de Triacastela. Tamén hai que englobar nesta serie toponímica a forma *Vilatuixe*, que dá nome a unha freguesía do concello de Lalín rexistrada como *sancto Laurencio de Villa Tuixe* e *San Lourenço de Villa Tuyxe* en senllos documentos do mosteiro de Oseira datados en 1272 e 1345, respectivamente, e xa como *Vilatuixe* nun texto de San Clodio do Ribeiro lixeiramente posterior (1422). A explicación do paso **Vilatuíxe* > *Vilatuixe* é sinxela se consideramos unha redución idéntica á observábel en MOLĪNŪ > *muño* > dial. *muño* ou PONĒBAT > *poña* > *puña*, entre outras.

Nesta mesma liña, é cando menos probábel que o actual *Guidixe*, que dá nome a unha freguesía do concello ourensán de Pontedeva, proceda dun antigo *(UĪLLA) UITISCLĪ, co xenitivo dun nome persoal moi ben testemuñado na nosa documentación medieval como é UITISCLŪS e cuxa proxección toponímica está atestada desde ben cedo: así, un documento mindoniense do ano 935 xa menciona a igrexa de *Sancti Stephani de Vitiscli*, cuxo referente xeográfico exacto descoñecemos (se ben debía situarse na área da actual Mariña Oriental, a vulgar polos restantes topónimos aludidos no texto) e que remite sen maior dificultade ao devandito antropónimo.

Xa que logo, o topónimo *Frixo* forma parte dunha serie de topónimos de fondo xermánico caracterizados, desde o punto de vista morfolóxico, pola presenza da terminación *-ischus* e, desde o punto de vista fonético, pola transformación dese grupo consonántico [skλ] presente na terminación de xenitivo -SCLĪ nunha fricativa prepalatal xorda, tal e como suxire o emprego reiterado do grafema <x> xa desde época temperá.

2.2. *Padrís*

Denominación dunha aldea da freguesía de San Xoán de Sardiñeiro, no concello de Fisterra e eclesiasticamente pertencente ao arceprelado de Duio. Até onde nós sabemos, a única obra que nos proporciona rexistros escritos medievais deste topónimo é TO, se ben as formas en cuestión adoecen dalgúñas grallas probablemente derivadas do proceso de copia. Deste xeito, encontramos as variantes (*Pelagius*) *Perediz* (1217), *Pradiz* (1249), (*Petrus Iohannis de*) *Petadriz* (1264) e (*Petro Iohannis de*) *Pecatriz* (1264).

Malia a esta heteroxeneidade formal doadamente observábel, o certo é que este feixe de atestacións permítenos reconstruír con relativa probabilidade un proceso evolutivo que partiría do sintagma *PĚTRA DĪDACĪ, no que se reconece o xenitivo do antropónimo DĪDACŪS, un dos que maior difusión coñeceu na antroponimia galega en época altomedieval (Boullón 1999: 83). A estrutura deste sintagma toponímico, no que PĚTRA aparece modificado polo xenitivo dun nome persoal de posesor, está presente noutras formacións similares que podemos rastrexar na nosa documentación altomedieval. Sen ir máis lonxe, o CODOLGA recolle exemplos como *petra Maosindi* (Sobrado dos Monxes s.d.), *Petra Speranti* (Braga c. 560), *Petra Occisindi* (Toxos Outos 1175) ou, xa co nome persoal en caso recto, *Petra de domno Ueremudo* (Sobrado dos Monxes 1186).

No tocante á evolución fonética de ambos os dous constituíntes do sintagma, esta non diverxe en exceso da que pode verificarse noutras estruturas toponímicas similares. Así, a redución do grupo consonántico -TR- á vibrante simple está atestada de abondo en topónimos nos que tamén intervén o substantivo PĚTRA, ben como precompoñente (*Perlada* < PĚTRA LATA, *Perouta* < PĚTRA ALTA...), ben como base léxica sobre a que se exercen procesos de derivación sufixal (*Pereda* < PĚTR-ĒTA, *Pereira* < PETR-ARĪA, *Parada* < PETR-ĀTA...). Pola súa banda, a evolución do xenitivo do antropónimo DĪDACŪS coincide exactamente coa que se constatou non só no seu patronímico correspondente (DĪDACĪ > *DĪaz> *DĪez> *DĪiz> *Diz*), senón tamén en diversos topónimos galegos. Algúns deles remiten directamente ao devandito patronímico, nuns casos integrado aínda nunha secuencia antroponímica (p.ex., *Roidiz*), e noutros a través dunha variante pluralizada interpretábel como denominación familiar (*Dices* / *Os Dices*; cfr. *Os Martices*, *Os Paces* e similares). Porén, tanto en *Padrís* como en *Penadiz* (< PĪNNA DĪDACĪ), *Portodiz* (< PŎRTŪ DĪDACĪ) e posibelmente tamén *Ardiz* (< *AGRŪ DĪDACĪ) resulta máis verosímil a opción dun xenitivo de posesor, a xulgar pola estrutura morfolóxica e sintáctica de todos estes topónimos. Xa que logo, a partir de *PĚTRA DĪDACĪ, e considerando unha fase intermedia **Peradiz* / **Paradiz* (cfr. *Paravedra* < PĚTRA UĚTERA, *Parafita* < PĚTRA FĪCTA e similares) chegaríase, por síncope, a **Pradiz*. A metátese progresiva da vibrante (**Pradiz* > **Padriz*; cfr. CRĚPĀRE > *crebar* / *quebrar*, PRAESĒPE > *presebe* / *pesebre*) e a acción do seseo posnuclear, representado graficamente na forma actual do topónimo, completaría esta explicación etimolóxica.

Á luz da evolución fonética que vimos de desenvolver, non deberíamos excluír a posibilidade de que os topónimos galegos *A Perdiz* e *Padriz* sexan cognados do

Padris fisterrán, mais aínda así existen outras hipóteses até certo punto plausíbeis e que só o cotexo da documentación antiga nos permitiría confirmar ou descartar con maior seguridade. Así, poderíamos estar perante distintos resultados dun orixinario *(UĪLLA) PATRĪCĪ, pois o antropónimo latino PATRĪCĪŪS non resulta excesivamente estraño na onomástica do Noroeste peninsular³, se ben descoñecemos outras cristalizacións toponímicas do mesmo que poidan avalar esta posibilidade. Tamén pode contemplarse a opción dun étimo *PETRĪCE co que se relacionarían outros topónimos peninsulares formalmente próximos aos que vimos de comentar, como p.ex. *La Perdiz* (Asturias) e *Pedriz* (Navarra), e aos que quizais habería que engadir aínda derivados como *Perdigueiros* (< *PETRICARĪŌS), tamén en Asturias.

2.3. *Quenxe*

Recibe este nome unha aldea da parroquia de San Pedro de Redonda, no concello de Corcubión e eclesiasticamente pertencente ao arciprestado de Duio. O Nomenclátor de Galicia rexistra un homónimo como denominación dunha aldea da freguesía de Santa Mariña de Lemaio (A Laracha).

Tan só dispomos dunha atestación medieval para o topónimo fisterrán, e esta encóntrase nun documento de TO, máis concretamente no testamento de Leonor González de Zas, un texto con data de 1334 e moi denso deste o punto de vista toponímico. Nese documento lemos como a testamenteira lle lega *ao moesteiro de Santa Taasia quanta herdade casaes eu ey en queege que he ffrijisia de Sam Pedro de Redonda*. O estadio lingüístico deducíbel desa forma *queege* permítenos suporlle ao topónimo unha base etimolóxica *(UĪLLA) CALENDĪ, sintagma no que se reconece o xenitivo do cognome latino CALENDĪŪS / KALENDĪŪS. Tanto CALENDĪŪS / KALENDĪŪS como os seus derivados KALENDĪNŪS / KALANDĪNŪS, KALENDIO e KALENDĪOLA está ben testemuñados en época latina, e englobanse dentro do que Kajanto denomina *calendaric cognomina*, i.e., antropónimos creados a partir dos nomes dos meses, dos días ou das estacións do ano, e xeralmente indicativos da época e/ou circunstancias nas que naceu a persoa portadora dese cognome (LC 218-219). Non debemos esquecer que este hábito contou con certa continuidade na antroponimia xa propiamente romance, e así o evidencian nomes persoais como *Abril*, *Xaneiro*, *Febreiro* e outros similares (Boullón 1999: 78).

No caso da serie antroponímica que aquí nos ocupa, resulta evidente que a base das distintas derivacións foi o substantivo CALENDĪAE, -ĀRUM 'primeiro día do mes no calendario romano', que se perpetuou no léxico común do galego a través da forma *quenda* 'momento de tempo en que lle toca facer algo a unha persoa'. No que se refire ao uso do cognome CALENDĪŪS / KALENDĪŪS, quizais poida aducirse como mostra un documento no que se deslindan varias herdades na freguesía de San

³ Deixando á marxe as atestacións de época propiamente romana, xa en documentos de Celanova do s. X aparecen alusións a un tal *Sigericus Patrici*, cuxo apelido parece ser un patronímico en xenitivo de PATRĪCĪŪS que tivo continuidade na forma *Patriz* rexistrada noutros textos contemporáneos (Rivas 1991: 246). Tamén do s. X é un texto leonés no que se menciona unha *uilla de Patricio*.

Martiño de Coucieiro (Val do Dubra) e no que se fai alusión a unha *eira de Queendo* (USC 1427), certamente interpretábel como o resultado lóxico do caso recto *CALENDŪ / KALENDŪ. O uso desta serie antroponímica encóntrase igualmente testemuñado en Francia, a xulgar por topónimos como *Chalandray*, *Chalendray*, *Chalandry*, *Chalindrey* ou *Chalandras*, todos eles procedentes en última instancia dun nome persoal *CALENDARĪŪS derivado do que aquí nos ocupa (Dauzat 1978: 166).

En canto ao percurso evolutivo do topónimo desde o primitivo *(UĪLLA) CALENDĪ até o moderno *Quenxe*, non resulta difícil explicar nin a perda do -L- nin o proceso de asimilación e crase que sufriu o hiato resultante desa síncope. Trátase dun fenómeno sistemático na fonética histórica galego-portuguesa, e constatábel noutras palabras cunha estrutura similar como p.ex. CALĒNTE > *caente* > *quente* / dial. *caente*, (UĪLLA) UALERĪĪ > **Vaer* > *Ver* ou o propio KALĒNDA > **caenda* > *quenda*. Máis excepcional resulta en cambio o tratamento da secuencia final -DĪ, na que se verificou a palatalización da consoante dental -D- pola acción do grupo vocálico -Ī, a pesar da tendencia á conservación que presenta na maioría dos topónimos a secuencia final -ndi > -nde. Cómpre sinalar que esta alteración non se produciu no cognado *Quende*, que, a xulgar polos rexistros medievais dos que dispomos, remite tamén con toda probabilidade a un xenitivo CALENDĪ / KALENDĪ⁴. Este par toponímico *Quende* / *Quenxe* pode homologarse a outros existentes no territorio galego e procedentes tamén de antigos xenitivos de posesor, como *Sinde* / *Sinx* (< SINDĪ), *Gosende* / *Gosenxe* (< GODESĪNDĪ) e *Cende* / *Cinx* (< CINDĪ). Neste sentido, Bascuas (2005: 639-640) explicou a forma *Cinx* como o resultado dunha asimilación progresiva exercida pola africada dentoalveolar inicial, mais esta hipótese suporía xebrar o par toponímico *Cende* / *Cinx* do resto de casos mencionados, os cales, tendo en conta a identidade das súas respectivas estruturas formais, parecen esixir unha explicación unitaria.

2.4. Regoelle

Recibe este nome unha entidade de poboación da freguesía de San Martiño de Olveira, no concello de Dumbría e arceprestado de Duiro. O rexistro máis antigo proporciónanolo TO, onde aparece mencionada esta localidade co nome de *Regueli* (1165). As restantes atestacións son xa bastante máis serodias, e presentan as formas *Regoelle* e *Reguelle* (USC 1500).

Aínda que a terminación do topónimo podería facernos pensar no xenitivo dun antropónimo derivado mediante o sufixo diminutivo latino -ĒLLŪ, o certo é que os repertorios de nomes persoais latinos non ofrecen ningunha forma que poida

⁴ Nunha relación de rendas sen data conservada no Tombo de Lourenzá encontramos o topónimo baixo a forma *Calende*, perfectamente coherente coa etimoloxía proposta. Xa na documentación da Catedral de Mondoñedo concorre a variante *Queende* dentro da secuencia antroponímica *Juan de Queende* (1454), mentres que no resto de casos a forma que aparece é xa a coincidente coa moderna: *Quende* (1329), *Iohan de Quende* (1489), *Juan de Quende* (1454, 1489) e a denominación da freguesía, *Santiago de Quende* (1488).

considerarse como punto de partida fiable para o desenvolvemento da etimoloxía de *Regoelle*. En cambio, si pode explicarse a xénese e evolución deste nome de lugar a partir dunha forma intermedia **Regoella* (< **RECŪLĪCŪLA*), que sufriría a palatalización do [α] postónico final por efecto da consoante palatal que o precede na secuencia fónica. A vulgar pola antigüidade da atestación presente en TO, e sempre coa prudencia que nos esixe unha copia do s. XIII coma esta, o certo é que a devandita alteración vocálica debeu producirse en época moi temperá. En todo caso, non se trata dun fenómeno excepcional, senón que se constata tamén noutros topónimos galegos cunha estrutura fonética e morfolóxica próxima á de **RECŪLĪCŪLA*. Deste xeito, podemos traer a colación exemplos como *Cidadelle* (< **Cidadella* < **CIUITATĪCŪLA*), *Valella* / *Valelle* (< *UALLĪCŪLA*) ou *Muradelle* (< **Muradella* < **MŪRATĪCŪLA*). Especial interese ten esta última forma, denominación dunha freguesía do concello lugués de Chantada e para a que Gonzalo Navaza, atendendo á antigüidade dos primeiros rexistros con vogal final palatal, considera máis factíbel unha orixe deantroponímica relacionada cun hipotético **AMORATĒLLŪS*, diminutivo á súa vez do sobrenome altomedieval *AMORATŪS* (Navaza 2004: 529). Con todo, a alusión a esta poboación chantandina como *Sancto Pelagio de Muradela* nun texto de 1073, unida á existencia do cognado con vocalismo etimolóxico *Muradella* (nome dunha aldea de San Xosé de Ribarteme, no concello das Neves), parecen apuntar máis ben cara a unha orixe delexical, e máis concretamente cara á sinalada forma base **MŪRATĪCŪLA*, diminutivo á súa vez dun participio *MŪRATA* (> *murada*).

Retomando o topónimo central desta epígrafe, e dando por bo o étimo **RECŪLĪCŪLA*, soamente nos falta conectar ese derivado coa base léxica **REKŪ*, precedente directo do actual substantivo *regó* 'pequeno caudal de auga', 'suco, canle', un dos máis produtivos da toponimia galega e portuguesa a través dos seus múltiples derivados. Bascuas (2000: 365) explica a forma **REKŪ* a partir dunha secuencia **r-k-*, variante que á súa vez nos remite á raíz hidronímica paleoeuropea **er-* 'moverse, pórse en movemento' (IEW 45-47) e da que procederían, mediante diferentes prolongacións sufixais, topónimos como *Reza* (< **REK-Ī-A*) ou *Rezón* (< **REK-Ī-ONE*), entre outros. Por tanto, foi sobre esa base **REKŪ* sobre a que se formou nun primeiro momento un diminutivo feminino **RECŪLA*, cuxa existencia e produtividade no léxico antigo poden verificarse a través de topónimos actuais como *Régoa* ou, xa en territorio portugués, *Peso da Régua* (Vila Real)⁵. Esa nova forma **RECŪLA* acabou por perder para os falantes o seu primitivo valor diminutivo

⁵ A pesar da doada conexión etimolóxica entre *Régua* e **RECŪLA*, as obras toponímicas portuguesas que tivemos ocasión de consultar optan por outras explicacións ao noso xuízo menos consistentes. Machado rexistra unha forma medieval *Regula* (1127) que lle serve para retrotraer o topónimo ao antropónimo latino *REGŪLŪS* (fem. *REGŪLA*), en orixe un diminutivo de *REX* 'rei' (DOELP, s.v. **Régu**). Pola súa banda, Almeida Fernandes (1999: 511) relaciona tamén o topónimo co apelativo *REX*, se ben interpretando *REGŪLA* como un derivado adxectivo que inicialmente actuaría como modificador dun núcleo nominal como *BARC(H)A* ou similar. Segundo este autor, a forma *Portus de Regua* rexistrada en 1258 viría en apoio dunha hipótese destas características.

(cfr. SALT-ĚLLŮ > *Soutelo* → *Souteliño*, PÖRT-ĚLLA > *Portela* → *Porteliña*, MAMM-ŮLA → MAMMŮL-ĚLLA > *Mamoela*...), o que a converteu á súa vez en base de novas derivacións diminutivas con repercusión na nosa toponimia, como *RECŮĚLLA (> *Regoela*) ou a devandita *RECŮĚLLA (> **Regoella* > *Regoelle*).

3. Terra de Soneira

3.1. *Pudenza*

Denominación dunha aldea da freguesía de San Pedro de Brandomil, no concello de Zas e arceprelado de Céltigos. Os rexistros máis antigos deste topónimo aparecen en TO, baixo as formas *Podenci* (1166) e *Podensa* (1257), esta última empregada como apelido na secuencia antroponímica *Martinus Gabado de Podensa*. Bastante posterior é a variante *Podença* testemuñada en SCS (1410).

O testemuño *Podenci* permítenos retrotraer a orixe do topónimo *Pudenza* ao cognome latino POTĚNTĪŮS, a través dun sintagma *(UĪLLA) POTĚNTĪ co antropónimo flexionado en caso xenitivo. Kajanto inclúe POTĚNTĪŮS no conxunto dos cognomes que denotan fortaleza corporal e/ou mental, ao igual que ocorre co seu patronímico correspondente, POTĚNTĪANŮS, e outros derivados como POTĚNTĪNŮS, POTĚNTĪNĪANŮS e POTĚNTĪLLA (LC 247). Formalmente trátase doutro antropónimo construído a partir dun participio de presente, neste caso o do verbo POTĚŔ 'poder'. Non debemos esquecer que este tipo de nomes, pola súa estrutura morfolóxica e pola súa semántica orixinal, tiveron especial fortuna nos hábitos antroponímicos latino-cristiáns, ao tempo que serviron como pauta para a creación de novos nomes de persoa (Dolç 1960: 402), algúns dos cales deixaron un rastro ben perceptíbel na nosa toponimia (cfr. *Amante* < AMANTĪ, *Follente* < FULGENTĪ, etc.). En todo caso, cómpre salientar que a forma POTENS era utilizada xa en época clásica como cognome masculino e feminino (LC *ibid.*), e na documentación altomedieval galega encontramos as variantes *Potencius*, *Potentio* e *Potenzo* en textos dos s. IX e X, así como *Pontenço* nun documento do mosteiro de Carboeiro do ano 1062 (Rivas 1991: 249). A toponimia ofrécenos tamén testemuños do uso deste antropónimo noutras áreas románicas: así, no que se refire ao territorio francés, podemos dar como derivacións de POTĚNTĪŮS os topónimos *Podensac*, *Poincy*, *Pouançay* e *Pouancé* (Dauzat 1978: 537).

O topónimo soneirés carece de homónimos coñecidos en territorio galego, mais si existen os cognados *Podente* e *Podence*, este último con influencia analóxica do caso xeral **Podenço*, tal e como debeu acontecer tamén no caso de *Pudenza* a xulgar polo rexistro máis antigo do que temos constancia. O fenómeno, en todo caso, non se circunscribe en absoluto a esta serie toponímica, pois podemos aducir outros exemplos desta altenancia como *Mourente* / *Mourence* (< MAURENTĪ) ou *Constante* / *Constance* (< CONSTANTĪ), entre outros.

Pola súa banda, a alteración da vogal postónica final, que ve desprazado o seu punto de articulación cara á zona central (*Podenci* > **Podenza*), é xa visíbel nos textos do s. XIII e pode explicarse como un fenómeno de hipercorrección, ao

interpretarse a vogal palatal final como resultado da relaxación articulatoria dun [a] etimolóxico (cfr. **Muradella* > *Muradelle*, med. *Bornalio* / *Bornallo* > *Bornalle*, *Antas* > *Antes*...). Este fenómeno de refacción toponímica, non necesariamente inducida por falantes cultos, dá boa conta dos cambios sufridos por varios nomes de lugar ao longo do territorio galego. Así, os actuais *Canduas* e *Brantuas* aparecen rexistrados nos textos medievais como *Candonos* / *Candoes* (var. *Quandoes*, *Quandojz*...) e *Brantoes* (var. *Brantões*...), respectivamente. Outro tanto pode dicirse de *A Margarida*, nome dunha aldea de San Paio de Cundíns (Cabana de Bergantiños) atestado en TO como *Margaride* (1334), e que por tanto debe remitir, ao igual cós diversos *Margaride* espallados por Galiza e Portugal, a un sintagma (UĪLLA) MARGARĪTĪ claramente relacionado co *signum* cristián MARGARĪTŪS (< gr. μαργαριτης 'perla, xema'). No caso de *A Margarida*, a alteración do vocalismo postónico final puido deberse efectivamente a unha acción hipercorrectora, mais tamén á interferencia do fitónimo *margarida*, o que quizais xustificaría mellor a presenza do artigo adventicio na versión moderna do topónimo.

Á mesma raíz léxica que *Pudenza* e os seus cognados, mais pertencentes a sub-sistemas toponímicos distintos, remiten tamén topónimos como *Podentes*, que podemos interpretar como un alcume delexical toponimizado (*podente* 'o que ten moita facenda ou poder')⁶, así como o seu xentílico correspondente *Podentiños* (cfr. *Chamoso* → *Chamosiños*, *Chaveán* → *Chaveanciños*, etc.).

3.2. *Serramo*

Nome dunha freguesía do concello de Vimianzo, eclesiasticamente comprendida dentro do arciprestado de Soneira. Recibe tamén o nome de *Serramo* unha das entidades de poboación que constitúen a dita freguesía.

Máis unha vez, o testemuño máis antigo deste topónimo encóntrase nun documento de TO, no que lemos a forma *Sarrameo* (1334). Formal e cronoloxicamente próximas están as variantes *Sarramjo* e *Ssarramyo* extraídas de LTH (1390), mentres que Jerónimo del Hoyo, xa no s. XVII, recolle as denominacións *San Sebastian de Serramo*, coincidente coa actual, e *San Sebastian de Ramo*, resultado esta última dunha copia defectuosa do documento ou dunha lectura errada do texto por parte dos editores.

Este feixe de atestacións sérvenos de moito no esclarecemento da base etimolóxica, pois transparentan as alteracións fonéticas máis salientábeis sufridas polo topónimo e que son comúns ademais a outros elementos da lingua, tanto léxicos como propiamente toponímicos. Como vemos, os rexistros medievais presentan todos eles vogal radical [a] e ditongo postónico final [jo], o que nos permite reconstruír unha forma orixinal *SARRAMĚNO ou similar⁷. A evolución

⁶ Aínda que Piel prefere enténdelo como un patronímico (Piel 1948: 130), a opción delexical resulta ao noso xuízo máis probábel, xa non só desde o punto de vista formal (o patronímico esperábel da forma romance **Podenço* sería **Podencez* / *Podences*), senón tamén do estritamente léxico-semántico.

⁷ Quizais poida postularse unha mesma orixe e evolución para a forma *Saramo*, nome dun afluente

fonética desde esta fase inicial até a medieval *Sarrameo* / **Sarramio* é perfectamente regular, sobre todo no que respecta á síncope do -N- e á resolución do subseguinte hiato [εo] mediante a glidización do primeiro dos seus elementos ([εo] > [io]). As alteracións posteriores que conduciron á forma actual tamén encontran explicación satisfactoria no marco da gramática histórica galega. Así, a modificación da vogal pretónica ([a] > [e]) pode interpretarse como unha disimilación vocálica espontánea, aínda que tampouco deberíamos descartar un fenómeno de asociación etimolóxica co substantivo *serra*. No tocante á redución do ditongo crecente final ([io] > [o]), é un fenómeno doado de constatar noutras palabras da lingua como p.ex. CORRĪGĪA > **correia* > *correa* ou CŪTĪNA > **códea* / *codia* > *coda*, entre outras (Ferreiro 1995: 89).

A forma *SARRAMĚNO que propomos como étimo remítenos, morfolóxica e semanticamente, a algunhas das estruturas máis habituais da hidrotponimia de fondo paleoeuropeo. A base *sar(r)*- entronca sen dificultade coa raíz indoeuropea **ser-* / **sor-* 'fluír, manar', 'moverse rapidamente', valores semánticos deducíbeis de derivados como o lit. *sraviù* 'fluír e *srutà* 'corrente', o gr. ρωφομαι 'moverse con rapidez' ou o ai. *sraua-* 'fluxo', *srávati* 'fluír' e *sárati* 'correr' (Adrados 1973: 425). A proxección deste radical no territorio galego xa foi posto de relevo en diversos estudos, e pode exemplificarse a través de formas toponímicas como *Sor*, *Sar* / *Sarela*, *Seiro* (< *SERĪO), *Sorga* (< *SORĪCA) ou *Zarzo* (< *SARTĪO), entre outros moitos. No terreo do léxico común, quizais poida retrotraerse a esta raíz o substantivo *zarzo* e o seu derivado *zarzallo* 'orballo, chuvia miúda', formalmente coincidentes co devandito topónimo *Zarzo* (Bascuas 2002: 90). En formacións toponímicas como *Serres*, *A Serra (de Outes)*, *Sarría*, *Serrapio*, *Sarrapio* (nome antigo do actual monte *Serapio*, en Mondoñedo) ou o propio *Serramo*, asistimos a un fenómeno de reduplicación da vibrante simple, explicábel no caso concreto deste radical por un proceso fonético asimilatorio.

No que se refire á morfoloxía derivativa, o alongamento do tema mediante a consoante -m- dáse tamén noutros topónimos, se ben con distintas realizacións da vogal presufixal. Podemos citar o caso paradigmático de *Armea* (< *AR-M-ĒNA), así como os de *Bermaña* (< *BER-M-ANĪA), que dá nome a un afluente do río Ulla, e posibelmente tamén *Ermelo* (< *AR-M-ĚLLŪ). Igualmente frecuente é tamén a adición do sufixo átono -ěno / -ěna, que nos permite comparar o noso topónimo con outras formacións como *Tórdea* (< *TORD-ĚNA), *Loentia* (< *LUENT-ĚNA) ou os apelativos *barcia* (< *UARC-ĚNA) e *laxe* / *laxa* (< *LAG-ĚNA), de grande rendibilidade toponímica no noso país. Unha combinación -m- + -ěno idéntica á que temos en *Serramo* encontrámola tamén no topónimo *O Aramio*, nome dun lugar da freguesía de San Martiño de Aríns (Santiago de Compostela) que encontramos rexistrado como *Arameo* en SMB (1380) e para o que podemos reconstruír xa que logo un étimo *AR-A-M-ĚNO (Bascuas 2002: 30).

do Ulla que discorre entre os concellos de Teo e Vedra e para o que Monteagudo (1999: 301) propón un étimo **S_rrā-m-io*.

3.3. *Zas*

Nome da freguesía cabeceira do concello homónimo, así como dunha das aldeas que a constitúen. Desde o punto de vista eclesiástico, Santo André de *Zas* encádrase dentro do arceprelado de Soneira. O Nomenclátor de Galicia recolle outros dous topónimos coa mesma forma en Galiza: *Zas* como nome de aldea e de freguesía no concello de Negreira e *Zas de Rei* como denominación dunha freguesía pertencente ao concello de Melide.

Tradicionalmente, a forma toponímica *Zas* veu explicándose como un resultado máis do tema xermánico **sala* 'pazo, residencia principal' (Piel 1973: 123-124), cuxo resultado galego-portugués deixou abondosos vestixios toponímicos por todo o Noroeste peninsular, nuns casos a partir do tema simple (*saa* / *sá* / *sa*) e noutros moitos a través de diversos derivados (*Sela* < **SAL-ĒLLA...*) e compostos (*Saavedra* < *SALA UĒTERA*, *Sasdónigas* < *SALAS DOMINĪCAS...*). En virtude desa hipótese, que acadou unha certa popularidade entre os propios falantes, tanto o *Zas* soneirense como os seus devanditos homónimos, todos eles situados segundo vimos na vertente centro-occidental do territorio galego, non serían máis ca versións hipercorrectas dun primitivo **Saas* / **Sas* interpretado no seu momento como unha forma vulgar co seu característico seseo prenuclear.

Porén, a simple enumeración dos rexistros extraídos da documentación medieval (e incluso da moderna) abonda para descartar unha explicación etimolóxica baseada no xermánico **sala*. Así, en TO testemúñanse numerosas atestacións do topónimo, sempre como constituínte dunha cadea antroponímica: *Johan Gonçalvez de Ssat* (s.d.), *Johannis Petri de Saz* (1207) e *Johannes Petri de Saz*⁸ (1207, 1220); *Afonsus Iohannis de Saz* (1230); *Fernando de Saz* (1239) e *Fernandus de Saz*⁹ (1245); e *Johan Gonçalvez de Saz* (1334). A todas elas hai que engadir aínda unha secuencia nun documento posterior a 1334 e que o editor do tomo, dado o deterioro do texto, non conseguiu ler. Nese treito menciónase a un tal *Ruy Fernandez de Ssaz* que legou ao mosteiro de Toxos Outos dous casares na freguesía de Louro (Muros). A mesma forma *Saz* / *Sat* é tamén a que aparece constantemente nos documentos do s. XIV: *Gundisalvus de Saz* e *Iohannis Gundisalvi de Saz* (SMB 1308), *Thareyia de Saz* (SCS 1334), *Sancte Andree de Saz* / *Sancti Andre de Saz*, *Saz* / *Ssaz* e *Alfonsi Iohannis de Saz* (LTH 1390). Estas atestacións son claramente incompatíbeis cunha base etimolóxica **salas*, pois en ningún caso aparece reflectido graficamente o hiato [αα] resultante da síncope do -L- e que encontramos non só en numerosos rexistros escritos doutros topónimos efectivamente procedentes dese tema xermánico, senón incluso nas formas modernas dalgúns deles, como *Saa* e *Saavedra*. Por outra banda, a sistematicidade

⁸ Este personaxe debe ser o mesmo *Iohannes Petri de Saz* aludido nun documento sen data conservado no Tombo de Sobrado.

⁹ Quizais esteamos perante o mesmo personaxe citado como *Fernandus Iohannis de Saz* nun texto de Oseira con data de 1238, e como *domnus Fernandus miles de Saz* noutro documento redactado en Santiago de Compostela por esas mesmas datas.

no emprego das grafías <z> e <t> na representación da consoante final exclúe a posibilidade dunha fricativa apicoalveolar, suxerindo máis ben a presenza dunha africada predorsodento-alveolar, cfr. *paz* < PACE, med. *faz* < FACĪT...). Ao mesmo tempo, esa opción gráfica anula a posibilidade morfolóxica dun plural. O que vimos de dicir non só é aplicábel ao *Zas* soneirense, senón tamén ao seu homónimo do concello de Negreira, que aparece recollido por Jerónimo del Hoyo aínda como *San Mamed de Saz*. No tocante a *Zas de Rei*, aínda que carecemos de rexistros documentais que nos permitan aseguralo con maior contundencia, é probábel que se trate dun caso similar.

Descartada pois a relación de *Zas* co xermánico **sala*, cómpre reconstruír para este topónimo unha base etimolóxica distinta. Esta podería encontrarse no fitónimo latino SALĪCE, acusativo do correspondente SALĪX 'salgueiro'. Hai que ter en conta que tanto na toponimia como no léxico do dominio galego-portugués impúxose unha forma derivada *SALĪCARIŪ (> *salgueiro*), estruturalmente equiparábel a moitas outras formacións fitonímicas como *pereira* (< PĪRARĪA), *figueira* (< FICARĪA), *filgueira* / *folgueira* (< *FĪLICARĪA), etc. Noutros romances, en cambio, foi a forma clásica SALĪCE a que prevaleceu, tal e como se observa no castelán, onde se rexistran as variantes patrimoniais *sarga*, *salce*, *sauce*, *zaz* e *saz* (DCECH, s.v. *sauce*). A hominimia entre esta última variante (que encontramos toponimizada en formacións como *Valdesaz de los Oteros*, en León¹⁰) e a forma medieval baixo a que concorre *Zas* na nosa documentación medieval semella apuntar na dirección dun étimo SALĪCE como o que propomos.

Por outra banda, o proceso que conduciría do primitivo SALĪCE ao medieval *Saz* sería moi semellante ao descrito para outros apelativos da lingua nos que se reproduce un contexto fonético idéntico ou moi similar: así, teríamos que supor a síncope da vogal postónica medial e a redución do grupo consonántico resultante mediante asimilación, do mesmo xeito que en ŪLĪCE > **ul'ce* > *uz*, DŪLCE > **dol'ce* > *doce*, etc. De feito, os topónimos modernos *Saceda* e *Sacido*, na súa orixe substantivos abundanciais de SALĪCE (se é que non se formaron xa directamente sobre o romance **saz*), poden xustificarse tamén mediante un proceso fonético do mesmo tipo, de xeito que a secuencia evolutiva sería *SALĪCĒTA / *SALĪCĪTŪ > **Sal'ceda* / **Sal'cido* > *Saceda* / *Sacido*. Ademais, unha base etimolóxica deste tipo permitiríanos explicar ao mesmo tempo os derivados do tipo *Salcedo* / *Salceda* e *Sarceda*, que virían a representar unha evolución alternativa con conservación da lateral dentoalveolar implosiva, posteriormente rotatizada no caso concreto de *Sarceda*. Por outra banda, esta explicación parécenos máis satisfactoria e plausíbel cá que contempla a perda do -L- intervocálico latino, pois neste caso habería que


¹⁰ O mosteiro de Toxos Outos contaba con certas propiedades na comarca leonesa de Los Oteros, razón pola cal este topónimo aparece aludido en varios documentos de TO. As formas que aí encontramos son *Val de Salze* (1142, 1241) e *Valle de Saz* (1144), semántica e etimoloxicamente moi transparentes. Nótese que o constituínte *val* / *valle* (< lat. UALLE) adoita presentar na toponimia leonesa un significado máis ben hidronímico, o cal nos permite homologar unha formación como *Valdesaz* a outras existentes en Galicia como *O Rego Salgueiro*, p.ex.

supor unha cadea **Saeceda* / **Saecido* > **Saaceda* / **Saacido* > *Saceda* / *Sacido* (Navaza 2006: 492), que contraviría a evolución máis habitual do hiato secundario na fonética histórica galego-portuguesa, tanto en posición átona (EXCADESCĒRE > *escaecer* > *esque(n)cer* / dial. *escaecer*, ADMANESCĒRE > **amaecer* > *ame(n)cer* / dial. *amaicer*...) como tónica (CALĒNTE > *caente* > *quente* / dial. *caente*, ĀNĒLLŪ > **aelo* > *elo*...). Existiría a posibilidade de considerar unha fase intermedia **Saeceda* / **Saecido* > **Seceda* / **Secido*, coherente co proceso fonético que vimos de exemplificar e a partir da cal chegaríamos en última instancia á forma moderna *Saceda* / *Sacido*, mais trátase dunha hipótese igualmente inviábel, pois obrigaríanos a supor que esa mudanza [ɛ] > [a] deuse en todos e cada un dos numerosos derivados toponímicos de SALĪCE caracterizados por unha estrutura fonético-morfolóxica análoga á de *Saceda* e *Sacido*. É certo que o Nomenclátor de Galicia rexistra o topónimo *Seceda*, mais unicamente como denominación dunha freguesía do concello de Folgoso do Courel, así como dunha das tres entidades de poboación que a constitúen. Esta excepcionalidade priva á forma *Seceda* de calquera valor probatorio a respecto da cuestión que nos ocupa, e resulta de feito máis doado explicala como resultado dun fenómeno de asimilación vocálica regresiva a partir dunha fase previa *Saceda* (cfr. *ASTĒLLA > *astela* > *estela*).

Por tanto, e sempre e cando a nosa interpretación for correcta, o topónimo *Zas* estaría a demostrar a existencia no dominio galego-portugués dunha variante evoluída directamente a partir da forma simple SALĪCE, e alternativa ao derivado *SALĪCARIŪ que acabou triunfando no léxico e mais na toponimia. De feito, esta mesma posibilidade fora xa indicada por Piel, coincidindo á súa vez coas indagacións de Carolina Michäelis, se ben estes autores reconstruían unha forma hipotética **seice* a partir de formacións toponímicas como as portuguesas *Seices* e *Seiça* e as galegas *Saince* (sic) e *Sainza* (Navaza 2006: 494-495).

No relativo ao paso da forma medieval e posmedieval *Saz* á moderna *Zas*, ábrese cando menos dúas posibilidades. Por unha banda, pode pensarse que tanto o *Zas* soneirense como o de Negreira son o resultado da hipercorrección do seseo prenuclear levada a cabo directamente sobre a forma *Saz*. Porén, esta hipótese non é aplicábel en principio a *Zas de Rei*, se temos en conta que se encontra fóra da área de influencia dese fenómeno. Xa que logo, a hipercorrección só podería xustificarse neste caso se supomos que o seseo prenuclear acadou no pasado unha penetración no interior de Galiza moito maior da que presenta na actualidade. Tamén podería pensarse en que a relativa proximidade xeográfica das zonas afectadas polo seseo prenuclear á comarca de Melide influíse dalgún xeito na representación gráfica dese topónimo. Carecemos de datos que nos permitan decantarnos por unha ou outra opción. Porén, outra posibilidade a considerar é que de *Saz* se pasase a *Zas* por un fenómeno de metátese (cfr. *pescozo* > dial. *cospozo*, *pétalo* > dial. *tépalo*, etc.), de xeito que a consoante fricativa inicial era pronunciada como predorsodental nos topónimos de *Zas* e Negreira, e como interdental no topónimo de Melide, de acordo co sistema de sibilantes desenvolvido nesas dúas zonas xeográficas xa desde época posmedieval. Deste xeito, os tres topónimos semellan atopar a explicación unitaria que parece esixir a súa particular homonimia. Por outra banda, no caso dos *Zas*

máis occidentais, a grafía con <z> puido verse efectivamente reforzada por unha vontade hipercorrectora ou mesmo pola grande proximidade articulatória entre os sons, pois aínda hoxe se constatan nesa área casos esporádicos de interdentalización (Rei 1990: 196). A distribución xeográfica que presenta na actualidade o apelido *Zas* parece darlle un certo apoio á hipótese dunha metátese xeralizada nesta forma lingüística en concreto, pois compróbase non só a dispersión do apelido por boa parte do territorio galego, senón tamén a existencia de áreas especialmente densas en zonas xeográficas nas que non existe seseo prenuclear de ningún tipo. Repárese tamén, a xeito de curiosidade, que nin no concello de Zas nin no de Negreira se rexistran ocorrencias do apelido *Zas*.



Distribución do apelido *Zas*. Fonte: *Cartografía de Apelidos de Galicia*

4. Algunhas conclusións

O estudo etimolóxico deste exíguo corpus toponímico serviunos non só para aclarar as orixes lingüísticas deses once nomes de lugar, senón tamén para constatar a acción de certos fenómenos que incidiron decisivamente tanto na súa evolución

como na doutros topónimos relacionados. Deste xeito poden ir illándose certas constantes que nos axudan a comprender mellor o comportamento diacrónico dalgunhas series toponímicas, o cal supón, en definitiva, conectar o estudo particular co estudo sistémico e global. Por outra banda, mentres que moitas desas constantes móvense no terreo estritamente fonético ou morfolóxico, outras entroncan con eidos coma os da sociolingüística (p.ex., no referente aos desaxustes producidos pola interferencia dunha norma lingüística allea) ou con fenómenos limítrofes que a miúdo condicionan a relación do falante co topónimo e que, ao noso xuízo, aínda non foron descritos e abordados coa minuciosidade de que son merecentes: os procesos de hipercorrección ou a asociación etimolóxica (máis xeralmente coñecida como *etimoloxía popular*) son algúns deles. Por último, o estudo destes items toponímicos serviunos tamén para constatar neles a existencia de contextos fonéticos moi específicos, xerados pola particular estrutura formal desas formacións lingüísticas e nos cales as secuencias vocálicas e/ou consonánticas involucradas sufriron un tratamento alternativo ou distinto do habitual.

5. Índice toponímico e léxico

Alenza 1.1	Cende 2.3	esque(n)cer 3.3
amaicer (dial.) 3.3	Cespón 1.1, 3.3	estela 3.3
Amante 3.1	Chalandras 2.3	fe 1.5
ame(n)cer 3.3	Chalandray 2.3	Follente 3.1
Antes 3.1	Chalandry 2.3	Fornelos 1.2
Apse 1.1	Chalendray 2.3	Forniños 1.2
<i>Apsus</i> 1.1	Chalindrey 2.3	<i>Forniis</i> (med.) 1.2
Aramio (O) 3.2	Chamosiños 3.1	Fornís 1.2
Arbo 1.5	Chaveanciños 3.1	fournil (fr.) 1.2
Ardiz 2.2	Cidadelle 2.4	Gamil 1.4
Armea 3.2	Cinxe 2.3	gardar 1.4
Asadoiros 1.1	cinza 2.1	Garea (A) 1.5
Asados 1.1	Cives 1.1, 3.3	Gondré 1.5
asar 1.1	coda 3.2	Gondrei 1.5
Ase 1.1	codia (dial.) 3.2	Gosende 2.3
Asenso 1.1	Constance 3.1	Gosenxe 2.3
* <i>Asenzo</i> 1.1	Constante 3.1	grea 1.5
Asma 1.1	correa 3.2	Grela (A) 1.5
Aso 1.1	cospozo (dial.) 3.3	Grille 1.4
Bamiro 1.4	crebar 2.2	guardar (dial.) 1.4
Bermaña 3.2	Dices (Os) 2.2	Guidixe 2.1
Bornalle 3.1	Diz 2.1	Guitiriz 1.4
Brantuas 3.1	doce 3.3	lei 1.5
Brille 1.4	elo 3.3	Loentia 1.1
caente (dial.) 2.3	Ermelo 3.2	Loentia 3.2
Canduas 3.1	escaecer (dial.) 3.3	Loenzo 1.1

Margarida (A) 3.1	*Porto Dozón 1.1	Seceda 3.3
Margaride 3.1	Portodiz 2.2	Seiro 3.2
Martices (Os) 2.2	Pouançay 3.1	Sela 3.3
Morancelle 1.1	Pouancé 3.1	Serapio 3.2
Mourence 3.1	presebe 2.2	Serra de Outes (A) 3.2
Mourente 3.1	Pudenza 3.1	Serramo 3.2
muño (dial.) 2.1	quenda 2.3	Serres 3.2
Muradelle 2.2, 3.1	Quende 2.3	*Sespón 1.1
Nemenzo 1.1	quente 2.3	Sinde 2.3
*Oucenza 1.1	Quenxe 2.3	Sinxé 2.3
Ousensa 1.1	Recaré 1.5	*Sives 1.1
Paces (Os) 2.2	Recarea 1.5	Sor 3.2
Padrís 2.2	Recarei 1.5	Sorga 3.2
Padriz 2.2	Recareo 1.5	Souteliño 2.4
*Padriz 2.2	rego 2.4	Soutelo 2.4
Parada 2.2	Régoa 2.4	tépalo (dial.) 3.3
Parafita 2.2	Regoela 2.4	Tórdea 3.2
Paravedra 2.2	Regoelle 2.4	Treos 1.1
pé 1.5	rei 1.5	Tuíxe 2.1
Pedriz 2.2	Reza 2.4	uz 3.3
Penadiz 2.2	Rezón 2.4	Valdesaz de los Oteros 3.3
Perdigueiros 2.2	ril 2.1	Valella 2.4
Perdiz (A) 2.2	Roidiz 2.2	Valelle 2.4
Perdiz (La) 2.2	Saa 3.3	valle Todiscli (med.) 2.1
Pereda 2.2	Saavedra 3.3	Varille 1.4
Pereira 2.2	Saceda 3.3	Vilabrille 1.4
Perlada 2.2	Sacido 3.3	Vilatuíxe 2.1
Perouta 2.2	salce (cast.) 3.3	Vilatuxe 2.1
Peso da Régua 2.4	salgueiro 3.3	Vitiriz 1.4
Podence 3.1	<i>Sancti Stephani de Vitiscli</i> (med.) 2.1	zarzallo 3.2
Podensac 3.1	Sar 3.2	Zarzo 3.2
Podente 3.1	Sarela 3.2	zarzo 3.2
Podentiños 3.1	sarga (cast.) 3.3	Zas 3.3
Poincy 3.1	Sarria 3.2	Zas de Rei 3.3
Portela 2.4	Sasdónigas 3.3	Zaz,(cast.),3.3
Porteliña 2.4	sauce (cast.) 3.3	
Porto do Son 1.1	saz (cast.) 3.3	

6. Bibliografía

ÁLVAREZ MAURÍN, María Pilar (1994): *Diplomática asturleonese. Terminología toponímica*. León: Universidad de León (Secretariado de Publicaciones).

- BASCUAS LÓPEZ, Edelmiro (2000): "*Rego y requeixo. Una pervivencia hispana de la raíz indoeuropea er- 'moverse'*". *Verba* 27: 359-378.
- BASCUAS LÓPEZ, Edelmiro (2002): *Estudios de hidronimia paleoeuropea gallega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Servizo de Publicacións e Intercambio Científico).
- BASCUAS LÓPEZ, Edelmiro (2005): "Zoñán y Cinxe: dos cambios fonéticos excepcionales". *Estudios Mindonienses* 21: 631-641.
- BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (ss. VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades: CODOLGA (Corpus Documentale Latinum Gallaeciae). [<http://balteira.cirp.es/codolga/>]
- DAUZAT, Albert (1978): *Dictionnaire étymologique des noms de lieux en France*. París: Guénégaud.
- DCECH = COROMINES, Joan / PASCUAL, José Antonio (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. Madrid: Gredos.
- DHLP = HOUAISS, Antônio et al. (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Objetiva.
- DOELP = MACHADO, José Pedro (1993): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*. Lisboa: Livros Horizonte.
- DOLÇ, Miguel (1960): "Antroponimia latina", in *Enciclopedia Lingüística Hispánica (I)*. Madrid: Gredos, pp. 389-419.
- DU CANGE, Charles du Fresne (1688): *Glossarium ad scriptores mediae & infimae latinitatis*. Lugduni: Apud Anissonios, Joan Posuel & Claud. Rigaud.
- EPM = LAMAS CARBALLO, Adela (198?): *Edición dos documentos do Espital dos Pobres da vila de Muros*. Santiago de Compostela. Memoria de licenciatura inédita.
- FERNANDES, A. de Almeida (1999): *Toponimia portuguesa: exame a um dicionário*. Arouca: Associação para a Defesa da Cultura Arouquense.
- FERNÁNDEZ REI, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*. Vigo: Xerais.
- FERREIRO FERNÁNDEZ, Manuel (1999): *Gramática Histórica Galega (I. Fonética e Morfosintaxe)*. A Coruña: Laiovento.
- GARCÍA ORO, José / PORTELA SILVA, María José (2003): *La Casa de Altamira durante el Renacimiento: estudio introductorio y colección diplomática*. Santiago de Compostela: El Eco Franciscano.
- HgNb = PIEL, Joseph / KREMER, Dieter (1976): *Hispano-gotisches Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.
- IEW = POKORNY, Julius (1959): *Indogermanisches etymologisches Wörterbuch*. Bern: Francke Verlag.
- Instituto da Lingua Galega: *Cartografía de Apelidos de Galicia*. [<http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>]
- LC = KAJANTO, Iiro (1982): *The Latin Cognomina*. Roma: Giorgio Bretschneider.
- LÓPEZ Y LÓPEZ, Froilán (1982): "Onomástica galega: Zás, topónimo e apelido". *Grial* 76: 230-232.

- LTH = LÓPEZ FERREIRO, Antonio (1967): "*Liber Tenencie Horro* o memorial de la hacienda, rentas, pensiones de la antigua Tenencia del Hórreo, escrita en el año 1437 por el canónigo Gonzalo Vázquez de Mandayo". *Compostellanum* 2: 271-331.
- MARTÍNEZ LEMA, Paulo (2008): *Inventario toponímico do tomo de Toxos Outos*. Noia: Toxosoutos.
- MONTEAGUDO, Luis (1999): "Hidronimia gallega". *Anuario Brigantino* 22: 255-314.
- MORALEJO LASSO, Abelardo (1977): *Toponimia gallega y leonesa*. Santiago de Compostela: Pico Sacro.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo (2006): *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- NAVAZA BLANCO, Gonzalo / MÉNDEZ FERNÁNDEZ, Luz (2004): "Xentilicios e nomes persoais na toponimia de Chantada", in *A lingua galega: historia e actualidade. Actas do I Congreso Internacional (Santiago de Compostela, 16-20 de setembro de 1996)*, Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei e Antón Santamarina (eds.), pp. 523-532. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.
- PHARIES, David (2002): *Diccionario etimológico de los sufijos españoles*. Madrid: Gredos.
- PIEL, Joseph (1948): *Nomes de "possessores" latino-cristãos na toponímia asturo-galego-portuguesa*. Coimbra: Universidade de Coimbra.
- PIEL, Joseph (1960): "Antroponímia germânica da Península Ibérica", in *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa* [1989]. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.
- PIEL, Joseph (1973): "Considerações sobre o hispano-godo *sala, gal.-port. *sáa, sá*, etc.", in *Estudos de linguística histórica galego-portuguesa* [1989]. Lisboa: Imprensa Nacional / Casa da Moeda.
- RIVAS QUINTAS, Eligio (1991): *Onomástica persoal do Noroeste hispano*. Lugo: Alvarellos.
- RODRÍGUEZ ADRADOS, Francisco (1973): *Estudios sobre las sonantes y larinales indoeuropeas*. Madrid: Instituto Antonio de Nebrija.
- RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Ángel / VARELA JÁCOME, Benito (s.d.): *Memorias del Arzobispado de Santiago [Cardenal Jerónimo del Hoyo]*. Santiago de Compostela: Porto y Cía.
- SCS = RODRÍGUEZ NÚÑEZ, Clara (1993): "La colección documental de Santa Clara de Santiago (1196 a 1500)". *Liceo Franciscano* 136-138.
- SMB = RODRÍGUEZ NÚÑEZ, Clara (1989): "Santa María de Belvís, un convento mendicante femenino en la Baja Edad Media (1305-1400)". *Estudios Mindonienses* 5: 335-485.
- SXM = LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1975): *El monasterio de San Julián de Moraima en Galicia: notas documentales*. Gran Canaria: Caja Insular de Ahorros.

- TMILG = VARELA BARREIRO, Xavier (dir.) (2004): *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega. [<http://ilg.usc.es/tmilg>]:
- MSCDR = LUCAS ÁLVAREZ, Manuel / LUCAS DOMÍNGUEZ, Pedro Pablo (eds.) (1996): *El monasterio de San Clodio do Ribeiro en la Edad Media: estudio y documentos*. Sada (A Coruña): Ediciós do Castro.
- CDMO = ROMANÍ MARTÍNEZ, Miguel (ed.) (1989-1993): *A colección diplomática do mosteiro cisterciense de Santa María de Oseira (Ourense): 1025-1399*. Santiago de Compostela: Tórculo Edicións.
- TO = PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco (ed.) (2004): *Os documentos do tombo de Toxos Outos*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega (Sección de Patrimonio Histórico).
- USC = LUCAS ÁLVAREZ, Manuel / JUSTO MARTÍN, María Xosé (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do arquivo histórico universitario*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- VARELA SIEIRO, Xaime (2008): *Léxico cotián na Alta Idade Media de Galicia: a arquitectura civil*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela (Servizo de Publicacións e Intercambio Científico).
- XUNTA DE GALICIA (2003): *Nomenclátor de Galicia*. [<http://www.xunta.es/toponimia>]